

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xuño de 2020**

Ás 17.30 horas do día 17 de xuño de 2020, réunese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía , a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/4065769> remitido coa convocatoria), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Miguel Caride Domínguez, **deputado de Democracia Ourensana**

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo

real dos asistentes, aos que recoñece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE MAIO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de maio de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 20 de maio de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que nunha reunión que tivo con distintas asociacións que prestar servizos sociais se cuestionou que a Deputación subvencionase directamente este ano a determinadas entidades e que se deixase sen subvención ao resto, e cre que debería darse un carácter aberto por concorrência competitiva a estas subvencións, todo isto sen prexuízo de recoñecer o importante labor social das entidades beneficiarias.

O Sr. secretario explica que existía unha partida de 300 mil euros para subvención a este tipo de entidades por concorrência competitiva, como todos os anos e que estaba previsto aprobar nunha Xunta de Goberno do mes de marzo, pero que ante a crise sanitaria xurdiu unha demanda inmediata de axudas por parte destas entidades que non podía satisfacerse mediante un procedemento de concorrência, xa que a súa tramitación mínima sería de dous ou tres meses. Ante esta situación e de forma excepcional decidiuse conceder de forma directa subvencións a 18 entidades cuxo labor é especialmente importante, aplicando como criterio de distribución dos fondos o resultante das subvencións concedidas nos concursos convocados en anos anteriores. Sen prexuízo de disto, no Pleno de abril dotouse unha partida

de 300 mil euros máis para poder sacar a concurso por concorrência competitiva como se viña facendo en anos anteriores, concurso que se espera que sexa aprobado pola Xunta de Goberno en breve.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, corrobora o exposto polo Sr. secretario e sinala que as entidades que quedaron excluídas xa se puxeron en contacto coa Deputación e xa que lles informou de que se sacaría esa nova convocatoria.

E, ás 17.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.